

PRÓLOGO

O V Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte tivo lugar nos cursos académicos 2013-14 e 2014-15, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Recibiu o apoio económico da Oficina de Cursos e Congresos (OCC) da Vicerreitoría de Estudantes, Deporte e Cultura e tamén da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) da Universidade da Coruña.

Como en edicións anteriores, cada unha das conferencias do ciclo foi destinada a un dos cursos do Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, aínda que puideron acudir todo o alumnado e persoal da UDC. A estratexia de organizala para cada curso garante a asistencia dos alumnos/as e a relación dos contidos específicos con diferentes materias e áreas propias de coñecemento na actividade física e o deporte dende a perspectiva de xénero.

No contexto da actividade física saudable para mulleres, a conferencia “*Ioga para Mulleres*” de Mónica Rodríguez Rodríguez revelou os beneficios que reporta a práctica do Ioga, e en concreto do Ioga da escola *Iyengar*, que fai unha proposta moi específica e concreta segundo a fase da feminidade e ciclo ovárico en que se atope cada practicante; do embarazo, do parto, do postparto, da menopausa e da postmenopausa.

Óscar Losada Castro, persoa polifacética, xornalista, colaborador en diferentes medios e autor de cinco curtametraxes documentais, entre elas *Irene, a porteira ou Campioas Esquecidas*, provocou unha grande interese no público coa conferencia “*Rompendo barreiras. Competindo en igualdade*”, ao achegar historias e casos de mulleres que competiron en igualdade contra homes en diversas modalidades deportivas: motor, hípica, montañismo, tiro, deportes acuáticos, ..., logrando nalgúns casos uns resultados de excelencia.

A conferencia “*Masculinidades en educación física. El nuestro es un deporte de machos*” do Dr. Joaquín Piedra de la Cuadra, profesor da Universidade de Sevilla e pioneiro en España dos estudos das masculinidades na educación física veu reflectir sobre esta temática no contexto deportivo actual. Coordinador do primeiro libro sobre deporte e masculinidade publicado en España: *Géneros, masculinidades y diversidad*:

educación física, deporte e identidades masculinas, expuxo como moitos homes deciden abandonar a práctica deportiva buscando prácticas ou ambientes máis axeitados co que se poida esperar deles. O debate centrase na existencia duns estereotipos e roles de xénero para homes e mulleres, sustentando o sistema patriarcal que impregna a nosa sociedade, especialmente no deporte.

“Estratexias de promoción do deporte feminino” foi o título da conferencia da Dra. Susanna Soler Prat, profesora no INEFC de Barcelona e responsable dos programas de deporte femininos na Universidade Autónoma de Barcelona. A conferenciante veu dar respostas a cuestións de posta en marcha real de políticas e plans deportivos que favorezan a práctica das mulleres en diferentes contextos. ¿Cómo pasamos da teoría a práctica? ¿Cómo implement as políticas de igualdade efectiva no deporte? ¿Qué sucede cando propóñense proxectos e actuacións concretas para promover a práctica deportiva feminina? ¿Cómo podemos atopar cambios profundos e realmente estables?

Con esta publicación do V Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte queremos deixar constancia da continuidade na carreira de fondo iniciada no curso 2009-10 e da aposta que dende a UDC, a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, e o grupo de persoas que compoñen o Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte (GEXAFD) faise por visualizar e reflectir nas discriminacións e desigualdades que por razón de xénero seguen a producirse no contexto do deporte e da actividade física.

Marta Bobo Arce

Coordinadora de Mobilidade e Relacións coa Sociedade

Facultade Ciencias do Deporte e a Educación Física

Universidade da Coruña